



[O artista e escritor Nuno Ramos (São Paulo, 1960) no seu 'atelier']

---

Alva Martínez Teixeira publica na Arxentina un ensaio sobre a obra do escritor e artista plástico brasileiro Nuno Ramos.

O ensaio de Alva Martínez Teixeira, «Da 'Luz Negra' à 'Stanca Ombra': *Adeus, Cavalo* e a obra de Nuno Ramos» (<https://shre.ink/ekB5>), foi publicado pola prestixiosa editora bonaerense Grumo, no libro *Nuno Ramos e a experiencia dos limites*, editado por Osvaldo Silvestre e Mario Cámara.

No volume, diferentes especialistas abordan as singularmente plurais prácticas creativas deste incontornábel autor contemporáneo, cuxa obra decorre e transcorre, en excelencia, entre os límites de disciplinas artísticas, xéneros literarios e modos expresivos.

No estudo, comézase por apuntar a resistencia á interpretación, que resulta da variedade e heteroxeneidade da obra de Ramos, mais sempre na súa relación co mundo, para focar unha análise contextualizada da obra *Adeus, cavalo*, na cal se suliña a linguaxe polifónica e exaltada que xera un discurso situado baixo o signo do 'órfico grego'.